

## **ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE**

### **ÁMBITO**

LOCALIDADE: Vilagarcía de Arousa

COMARCA: Salnés

DATA: 29/04/16

LUGAR DE REALIZACIÓN: Auditorio de Vilagarcía

### **ASISTENCIA**

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación): 30

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 14 + 3 (pre)adolescentes

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: toda a militancia

### **DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA**

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Xavier Ríos + Lucía César Veloso

Representante Consello Nacional: Manuel Domínguez

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 12

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1h 05 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):

Proxección do vídeo e web do proceso Adiante, e coloquio aberto.

**VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO  
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea  
ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)**

Tono participativo e “intenso”, mais cordial e amigable.

Maior nivel de asistencia e participación que na maioría de asembleas locais ordinarias.

Sinalar que o tempo ficou escaso, ao ter o local de realización unha hora de peche estipulada; realmente, o ambiente e o debate creados darían para unha xuntanza máis longa.

**PROPOSTAS PARA O DEBATE**

**LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)**

**CON CARÁCTER XERAL**

- Reclamar con insistencia a creación dun corpo policial galego propio, tanto por cuestións de identidade como polas transferencias que levaría consigo (tránsito, etc).
- Plan Galego de Emprego.
- Creacion dunha Banca Nacional Galega.
- Poñer en marcha algún xeito de “gaitacans” (ao xeito dos “perroflautas” do 15M) para visibilizar a nosa carraxe.
- Apostar por medios de comunicación propios, e, no caso da TVG, reclamarlle produción propia.

**RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE**

- Os medios de comunicación silencian sistematicamente ao nacionalismo.

## ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Discútese sobre a viabilidade e utilidade dunha eventual coalición electoral co espazo Mareas. Hai persoas que pensan que sería positivo, outras consideran inservible o mantra “todxs contra o PP” se non vai acompañado dunha defensa dos nosos sectores produtivos e sociais.

Débense buscar formas de obter resultado electoral do traballo realizado cos sectores aos que defendemos e cos que colaboramos (emigrantes retornados, por exemplo), actualmente moi escaso.

Buscar novos caladoiros de voto, e non pelexarse só polos apoios de quen hoxe está coas Mareas.

Manténdose dentro da defensa do país, estudar a idoneidade ou non de empregar termos como “independencia, independentismo”, polas connotacións negativas que teñen na nosa sociedade.

## PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO